CONCELLO DE PONTEVEDRA

SECRETARÍA

EXPEDIENTE	Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa e aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou vo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil
TRÁMITE	Publicación na sede electrónica

O Pleno deste Concello, na sesión ordinaria de 21.01.2019, aprobou provisionalmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa e aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou vó da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.

De conformidade co disposto no artigo 17.1 do Texto refundido da lei de facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo exporase ao público no taboleiro de anuncios deste Concello durante 30 días hábiles, prazo durante o que, os que teñan a consideración de interesados segundo o artigo 18 do devandito Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, poderán consultar o expediente e presentar as alegacións que teñan por convenientes.

En cumprimento do establecido nos arts. 133.2 da Lei 39/2015, art. 7 c) d) e e) da Lei 19/2013 (en relación co 5.4 da mesma norma), publícase tamén anuncio de exposición, acompañado do texto do proxecto, das memorias ou instrumentos xustificativos e os informes emitidos, na sede electrónica do Concello (menú transparencia normativa municipal normas en tramitación), manténdose esta publicación en tanto dure o prazo de alegacións. Isto sen prexuízo da consulta do expediente no seu conxunto, de así instarse.

Así mesmo, procederase á publicación de anuncio desta exposición no BOP e nun dos diarios de maior circulación da provincia, contando o prazo de exposición e de presentación de alegacións desde o día seguinte ao da última das publicacións aludidas.

Advírtese expresamente que, de conformidade co artigo 17.3 da devandita Lei, o anuncio de aprobación provisional devirá automaticamente en aprobación definitiva de non presentarse alegacións en prazo, entrando en vigor a modificación da ordenanza logo da publicación íntegra do seu texto no BOP. Noutro caso, adoptarase o acordo definitivo que proceda á vista das reclamacións ou alegacións que se presentaran.

Proceder, unha vez se aprobe definitivamente a ordenanza, á publicación íntegra do acordo de aprobación, así como o texto íntegro da ordenanza, no cal xa se inclúe o acordo expreso de derrogación da anterior ordenanza, no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos da súa entrada en vigor.

Documentos electrónicos:

Descrición	CSV
01 Instrución de inicio da concellaría de facenda	YB88L4HFFOI8ZS7C
02 Consulta pública previa para exposición na web	YH1HKGP03G41YWXV
03 Dilixencia resultado consulta pública	HB49A7WVQMF67L21
04 Informe OTMAIES	BNU3MHK3MLNGDFB5
05 Informe proposta do OTXT	YTDH8ZV8E99OL0F2

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:EM4ZEJYIICAN8JDH

Descrición	CSV
06 Informe tecnico economico	YMTPUBA9B94GGJU9
07 Memoria impacto normativo	YAN54Z5D69W05KPN
08 Proposta de acordo	YG8XHNPB9908A2AG
09 Xustificante de remisión do OTXT a ASESORÍA XURIDICA	5K0UX0R0ZQ3SKMJM
10 Ditame TEAM.	HY2FO835UMW0HL10
11 Informe Asesoría Xurídica	3ZIJ9YE8HZYLIZMK
12 Xustificante de remisión de ASESORIA XURÍDICA a OTXT	VBEW8JJNIJFRS63T
13 Xustificante de remisión do OTXT a INTERVENCION	CAR5Z0A57495BADQ
14 INFORME FISCALIZACION	2SK7QF2567UACCS5
15 CERTIFICACION XGL 07.01.2019.odt	858BBOQODI0YKC44
16 Documento xustificativo do envío dun aviso	WQVP9YDIB4A1J3Q9
17 Ditame comisión de Facenda	01EJ963N8IO2Y484

**Os documentos relacionados na táboa anterior pódense consultar na sede electrónica do concello, introducindo o código seguro de verificación CSV, no seguinte enlace:*

http://sede.pontevedra.gal/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml

Os restantes documentos integrantes do expediente (relativos á súa tramitación: ditames da Comisión plenaria competente; o acordo plenario; e outros documentos, etc.) poderán ser consultados segundo o sinalado nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno deste Concello.
O que se fai público en exercicio das funcións conferidas a esta Secretaría polo artigo 122.5.d) da Lei 7/1985, e 47 e) e 114.7 do Regulamento Orgánico Municipal.

O Secretario,

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO
Servizo: SECRETARIA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Cargo: SECRETARIO
Data: 21/01/2019
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:EM4ZEJYIICAN8JDH